

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA DAR APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Neste mes de decembro están previstas diferentes mobilizacións en defensa dos dereitos dos e das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, convocadas pola Plataforma 'SAF Galiza'. Este colectivo naceu coa intención de darlle visibilidade á importancia deste traballo de atención sociosanitaria a dependentes no fogar, de denunciar a precariedade na que viven as traballadoras, e de facer escoitar as eivas que padecen persoal e persoas usuarias.

As traballadoras do SAF atenden a máis de 25.000 persoas dependentes, a pesar de soportar unhas condicións indignas dun servizo social tan importante. Levan anos loitando porque se lles escoite, mais observan con frustración como pasan os anos e as súas reivindicacións seguen esquecidas por parte das empresas e, o que é máis grave aínda, das administracións públicas.

Son xa 10 anos sen renovación do convenio colectivo, sendo o último asinado no 2009 para o período 2009-2011, unha situación que é intolerable. A Patronal do sector non só incumpre sistematicamente este convenio xa obsoleto, senón que tamén se nega a negociar un novo acordo.

Esta desidia provoca que sexan un colectivo no que moitas non poden vivir con dignidade polas baixas retribucións e porque non se lles permite acadar a xornada completa ou un contrato indefinido. As traballadoras non teñen axudas técnicas nos domicilios, o que provoca problemas músculo-esqueléticos, de depresión ou ansiedade, ademais doutras doenzas derivadas do seu traballo e aínda así, seguen sen recoñecerse as súas enfermidades profesionais, o que significa que tampouco poden xubilarse anticipadamente. Trátase dun colectivo de traballadoras empobrecidas, que corren o risco de seren tamén persoas xubiladas aínda máis pobres e tamén enfermas.

Os grandes investidores que controlan o sector fan un negocio moi lucrativo cun servizo público privatizado de facto, a costa das condicións laborais das traballadoras, a costa das súas vidas e da calidade asistencial, cando a prioridade debería ser a saúde e o benestar das persoas, que ten que estar por riba dos lucros económicos. Grazas á súa labor, moitas persoas poden chegar ao fin das súas vidas no seu fogar e rodeados dos seus.

Tendo en conta todo o anterior, e para facer visible a realidade e precarización destas traballadoras diante da sociedade galega e para que a Patronal do sector se vexa forzada a actuar e a sentarse á mesa de negociación. Por todo o exposto anteriormente solicitamos ao pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:



O Pleno do Concello de Santiago mostra a súa solidariedade co colectivo de persoas traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar e exprésalle o seu apoio na reivindicación da necesidade de negociar un novo convenio colectivo para o sector.

En Santiago de Compostela, a 22 de decembro do 2021

Gumersindo Guinarte Cabada
Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE

Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Voceiro do grupo municipal do PP

Marta Lois González
Voceira do grupo municipal de CA

Goretti Sanmartín Rei
Voceira do grupo municipal do BNG